

**Asunto: contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de intervención arqueolóxica mediante sondaxes valorativas no proxecto de acondicionamento exterior do castelo de A Rocha Forte (A Rocha, Santiago de Compostela). Actuación cofinanciada polo FEDER no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020. (expediente: CON/52/2019)**

En data 17 de xuño de 2020, o servizo de contratación remite, por medios electrónicos, as plicas presentadas para *prestación do servizo de intervención arqueolóxica mediante sondaxes valorativas no proxecto de acondicionamento exterior do castelo de A Rocha Forte (A Rocha, Santiago de Compostela), actuación cofinanciada polo FEDER no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020*, ao obxecto de emitir informe de valoración das mesmas.

## **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SEGUNDO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS**

Segundo se determina no Prego de cláusulas administrativas para a contratación, presentase *un sobre único, coa documentación xeral e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas para a licitación xunto co documento DEUC e declaración responsable complementaria ao DEUC.*

*Deberán incluír a oferta económica segundo o modelo do anexo I deste prego.*

*(As ofertas que varíen o modelo establecido nos anexos deste prego poderá ser excluídas da licitación).*

Tal e como se especifica no Prego de cláusulas administrativas, os criterios de adxudicación mediante fórmulas son os seguintes (páx 51 a 54):

a) Arqueólogo/a director/a de escavacións arqueolóxicas en xacementos arqueolóxicos inventariados ou catalogados de xeito explícito como medievais

Estímanse as direccións de intervencións de sondaxes e escavacións en área (cun tempo de execución superior a 10 días laborables para cada unha desas intervencións), realizadas desde inicios do ano 2012 ata a actualidade, ata un máximo de 3 (tres) direccións, valorándose cada unha con 9 puntos, cun máximo de 27 puntos.

**b) Arqueólogo/a técnico/a especialista de escavacións en xacementos arqueolóxicos inventariados ou catalogados de xeito explícito como medievais**

Estimaranse as participacións en intervencións de sondaxes e escavacións en área (cun tempo de execución superior a 10 días laborables para cada unha desas intervencións), realizadas desde inicios do ano 2012 ata a actualidade, ata un máximo de 3 (tres) participacións, valorándose cada unha con 5 puntos, cun máximo de 15 puntos.

**c) Auxiliares de arqueoloxía con experiencia en escavacións en xacementos arqueolóxicos inventariados ou catalogados de xeito explícito como medievais**

Estimaranse as participacións en intervencións de sondaxes e escavacións en área (cun tempo de execución superior a 10 días laborables para cada unha desas intervencións), realizadas desde inicios do ano 2012 ata a actualidade, ata un máximo de 3 (tres) participacións, valorándose cada unha ata 3 puntos, cun máximo de 9 puntos.

**d) Colaboración científica de especialista en materiais medievais**

Estimarase a colaboración de especialista con experiencia demostrada mediante publicacións ou autoría de estudos específicos de materiais en memorias, etc. debidamente xustificadas, valorándose con 3 (tres) puntos por cada unha delas ata un máximo de 9 puntos. Deberá presentarse por escrito o compromiso de traballo na oferta. Este especialista non poderá ser ningún dos membros do equipo obrigatorio (1 director, 1 arqueólogo e 3 auxiliares de arqueoloxía) especificado no prego de prescricións técnicas.

**e) Intensificación da zona de investigación**

Estimarase a ampliación da superficie a escavar, ata un máximo de 18 m<sup>2</sup> (dezaioito metros cadrados), valorándose cada fracción de 9 m<sup>2</sup> (nove metros cadrados) con 9 puntos ata un máximo 18 puntos (dúas fraccións). A oferta deberá indicar con precisión os metros cadrados de superficie escavada que se ampliarán.

**f) Oferta económica**

Puntuación máxima das ofertas económicas: POEmax= 22 puntos.

Nos puntos a), b) e c), o prego administrativo especifica que *Para a acreditación dos méritos deberase achegar a documentación necesaria que permita verificar a solvencia e experiencia profesional esixida*; no relativo ao punto d), os méritos alegados deberán estar *debidamente xustificadas*.

## REVISIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO

As plicas remitidas para informe son dúas, identificadas cos códigos B36571057\_49357409 e B70608948\_49109888.

### 1. Plica B36571057\_49357409, presentada pola empresa CITANIA ARQUEOLOXÍA S.L.

A documentación contida na proposta é a seguinte:

- Autorizacións do licitador. Plataforma de contratación do sector público
- Anexo 1. Proposición económica

Aínda que se varía o modelo do anexo 1 recollido no prego, a oferta económica e a oferta técnica preséntase de maneira ordenada e axustada aos contidos solicitados. A oferta técnica preséntase desagregada en anexos:

Anexo a- Arqueólogo director: Israel Picón Platas

Anexo a- Arqueóloga técnica: María Méndez Martínez

Anexo a- Arqueólogos/as auxiliares: M<sup>a</sup> José Bóveda Fernández e Eduardo Velázquez Turnes

Anexo a- Arqueóloga especialista: María Martín Seijo

Anexo Intensificación da zona de investigación, ofertando a ampliación de 18 m<sup>2</sup> a maiores da superficie mínima de escavación esixida

Anexo B. Desagregamento do orzamento base de licitación

- Anexo III. Documento europeo único de contratación /DEUC)
- Anexo IV. Modelo de declaración complementaria ao DEUC

Revisada a documentación presentada e en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos, a puntuación da oferta empresa CITANIA ARQUEOLOXÍA S.L. é a seguinte:

#### a) Arqueólogo/a director/a

Presenta listado de tres intervencións arqueolóxicas pero non se achega ningún tipo de documentación que permita acreditar estes méritos.

Puntuación ..... 0

**b) Arqueólogo/a técnico/a**

Presenta listado de tres intervencións arqueolóxicas pero non se achega ningún tipo de documentación que permita acreditar estes méritos.

Puntuación ..... 0

**c) Auxiliares de arqueoloxía**

c.1. M<sup>a</sup> José Bóveda Fernández presenta listado co unha intervención arqueolóxica pero non se achega ningún tipo de documentación que permita acreditar este mérito.

c.2. Eduardo Velázquez Turnes presenta listado con dúas intervencións arqueolóxicas pero non se achega ningún tipo de documentación que permita acreditar este mérito.

Puntuación ..... 0

**d) Colaboración científica de especialista en materiais medievais ..... 0 puntos**

Presenta listado de tres publicacións pero non se achega ningún tipo de documentación que permita acreditar estes méritos. Non presenta escrito de compromiso de traballo.

Puntuación ..... 0

**e) Intensificación da zona de investigación**

Ofértase a ampliación máxima de 18 m<sup>2</sup>.

Puntuación ..... 18

**f) Oferta económica**

A oferta económica -dun total de 28.814,94 €.- non entra na categoría de oferta anormalmente baixa ou desproporcionada definida no Prego de cláusulas; a puntuación da oferta calcúlase segundo a fórmula 1.

Puntuación ..... 11,78

**2. Plica B70608948\_49109888, presentada pola empresa TEMPOS ARQUEÓLOGOS S.L.**

A oferta presentada inclúe solvencia técnica e económica. A documentación, referida aos criterios de avaliación, é a seguinte:

- Autorizacións do licitador. Plataforma de contratación do sector público
- Anexo 1. Proposición económica.

Inclúese a oferta económica e a oferta técnica referida aos criterios de adxudicación. A oferta técnica está presentada e enumerada no propio Anexo I (punto 2) e se acredita en documentos separados:

02 a- Oferta técnica Arqueólogo director: Mario César Vila; preséntase curriculum vitae

02 b- Acreditación do director, con certificacións das actuacións de escavación arqueolóxica realizadas e títulos académicos que o acreditan como arqueólogo en documentos 02b e 02bb).

02c. Técnico arqueólogo: Francisco Alonso Toucido; preséntase curriculum vitae

02d. Acreditación de méritos do técnico arqueólogo

02e. Carlos Tejerizo García, especialista en materiais, con curriculum vitae e carta de compromiso para a súa colaboración no proxecto

02f Presentación dos 4 membros do equipo auxiliar de arqueoloxía (con certificación de méritos): Alfonso Collazo Martínez, Ezequiel Lago Mallo, José Dapena Somoza e Paula Méndez Santiago.

- Anexo 3. Documento europeo único de contratación (DEUC)
- Anexo 4. Modelo de declaración complementaria ao DEUC

Revisada a documentación presentada e en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos, a puntuación da oferta empresa TEMPOS ARQUEÓLOGOS S.L. é a seguinte:

a) Arqueólogo/a director/a

Acredita tres intervencións arqueolóxicas segundo criterios establecidos.

Puntuación ..... 27

b) Arqueólogo/a técnico/a

Acredita tres intervencións arqueolóxicas segundo criterios establecidos.

Puntuación ..... 15

c) Auxiliares de arqueoloxía

Só se computan unha intervención das acreditadas por Ezequiel Lago Mallo e outra xustificada por Paula Méndez Santiago; as restantes intervencións presentadas non se

consideran por ser anteriores ao ano 2012 e/ou en xacementos non inventariados ou catalogados explicitamente como medievais.

Puntuación ..... 6

**d) Colaboración científica de especialista en materiais medievais**

Presenta curriculum vitae incluíndo publicacións e traballos especializados en materiais arqueolóxicos medievais pero non se achega ningún tipo de documentación que permita acreditar estes méritos.

Puntuación ..... 0

**e) Intensificación da zona de investigación**

Non se oferta

Puntuación ..... 0

**f) Oferta económica**

A oferta económica -dun total de 27.709,00 €.- non entra na categoría de oferta anormalmente baixa ou desproporcionada definida no Prego de cláusulas; a puntuación da oferta calcúlase segundo a fórmula 2.

Puntuación ..... 17,36

**SÍNTESIS DAS PUNTUACIÓNS DAS OFERTAS PRESENTADAS**

**1. Plica B36571057\_49357409, presentada pola empresa CITANIA ARQUEOLOXÍA S.L.**

a) Arqueólogo/a director/a	0 puntos
b) Arqueólogo/a técnico/a	0 puntos
c) Auxiliares de arqueoloxía	0 puntos
d) Colaboración científica de especialista en materiais medievais	0 puntos
e) Intensificación da zona de investigación	18 puntos
f) Oferta económica	11,78 puntos

**Puntuación total 29,78 Puntos**


2. Plica B70608948\_49109888, presentada pola empresa TEMPOS ARQUEÓLOGOS S.L.

a) Arqueólogo/a director/a	27 puntos
b) Arqueólogo/a técnico/a	15 puntos
c) Auxiliares de arqueoloxía	6 puntos
d) Colaboración científica de especialista en materiais medievais	0 puntos
e) Intensificación da zona de investigación	0 puntos
f) Oferta económica	17,36 puntos

**Puntuación total 65,37 Puntos**

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2020

A ARQUEÓLOGA MUNICIPAL



Asdo: Dolores Cerqueiro Landín

